



MEMORIA 2021



I. Balance xeral do 2021

O ano 2021 representa o cuarto de funcionamento do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal). A presente memoria dá conta da actividade do TACGal durante ese ano.

Como primeiro dato a destacar podemos sinalar que nese ano 2021 prodúcese un considerable incremento no número de recursos presentados con respecto ao ano anterior, o que é proba de que esta vía impugnatoria considérase plenamente útil polos potenciais recorrentes. Como mostran os datos estatísticos reflectidos nesta memoria, os prazos de tramitación e resolución deste TACGal mantéñense en niveis francamente reducidos e con mínimas variacións dun ano a outro, que nos permite entender cumprido o compromiso de celeridade que require esta vía impugnatoria especial.

Corresponde aquí mostrar o meu agradecemento aos integrantes do TACGal e ao persoal da oficina administrativa, pois o seu esforzo posibilita manter o funcionamento deste Tribunal nos estándares que os datos desta memoria poñen de manifesto.

Tomás Otero Ferreiro
Presidente do TACGal




II. Actividade e estatísticas do TACGal no 2021

- **Número de recursos presentados**

O número de recursos presentados no ano 2021 ascendeu a 300. Isto supón un incremento do 19% con respecto ao ano 2020, no que se interpuxeran 252.


O seguinte cadro reflicte a distribución mensual de entrada de recursos:

Nº recursos por meses





A evolución do número de recursos presentados nos anos 2018, 2019, 2020 e 2021 apréciase na seguinte gráfica:



Sinalar a efectos comparativos e respecto do número de recursos presentados no ano 2020, que este viuse loxicamente afectado pola suspensión de prazos administrativos derivada da Covid-19.

Dende o comezo do seu funcionamento, este Tribunal apostou plenamente pola tramitación electrónica das impugnacións, propia dunha Administración actual e moderna, con formularios específicos que axilizan os trámites legalmente establecidos no procedemento de recurso. Nese camiño, pola Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, estableceuse que a presentación de recursos ante este TACGal farase por medios electrónicos.



- **Número de recursos resoltos e de resolucións ditadas**


No 2021 o TACGal resolveu 299 recursos especiais mediante a adopción de 277 resolucións.

Tamén ditou 109 resolucións de medidas cautelares. É importante destacar aquí que, acorde co criterio doutros tribunais de recursos administrativos, con efectos desde o 01.12.2019 este Tribunal Administrativo acordou non adoptar resolucións relativas á suspensión da tramitación do procedemento de licitación nos recursos especiais en materia de contratación interpostos contra actos de adxudicación, ao entenderse que opera a suspensión automática de acordo co artigo 53 da LCSP, pronunciándose só nos supostos en que expresamente se solicite polo órgano de contratación o levantamento desa suspensión automática, entendéndose, noutro caso, vixente a operada por ministerio da lei ata a resolución do recurso que acorde o seu levantamento.

Finalmente, ditáronse 12 resolucións doutra tipoloxía.

En total, foron 398 o total das resolucións emitidas en 2021 por razón do funcionamento deste Tribunal Administrativo.

- **Resultado dos recursos**





Dos 299 recursos resoltos no ano 2021, o 45% foron de carácter desestimatorio, o 28% de estimación (16 % estima total, 12 % estima parcial) e o 23% de inadmisibilidade. Sinalar que entre eses recursos inadmitidos se atopan integrados aqueles que, unha vez interpostos e sendo por si admisibles, resultaron carentes de obxecto pola actuación ulterior do órgano de contratación que satisfixo a pretensión impugnatoria de forma allea ao recurso.

Finalmente hai un 3% de outros, correspondentes aos casos en que se produciu a desistencia dos recorrentes.

Se acudimos ao concepto **“taxa de éxito”** do recurso, entendida como a porcentaxe de estimacións, totais ou parciais, respecto dos asuntos onde se entrou no fondo (isto é, excluindo inadmisións e outros), foi do 39% no ano 2021, lixeiramente superior ao 36% que alcanzara no ano 2020.

Por outro lado, o artigo 57.4 LCSP esixe ao órgano de contratación que deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para darlle cumprimento ás resolucións estimatorias, o cal se sinala expresamente nas mesmas. Pois ben, unicamente no 50% desas resolucións estimatorias, totais ou parciais, o TACGal recibiu tal comunicación ulterior, o que se ben supón un incremento respecto de anos anteriores -46% no ano 2020, 34% no 2019-, impide entender que se estea dando xeral cumprimento ao que é un expreso mandato legal, algo que debe ser obxecto da nosa expresa censura.

- **Valor estimado agregado**

A suma do valor estimado das contratacións obxecto de recurso ante o TACGal no 2021 foi de 2.585.703.332 €.



- **Tempos de tramitación dos recursos**

A media de días naturais transcorridos desde que se interpuxo o recurso especial ata que se resolveu e notificou esa resolución foi de 21 días naturais e se atendemos só aos días hábiles, esa media baixaría a 14 días. Vemos entón que os tempos de tramitación do procedemento impugnatorio se axustan aos esixentes parámetros de celeridade deste recurso especial.

Como establece a Lei de Contratos do Sector Público, unha vez interposto o recurso especial no TACGal o primeiro é requirirille ao órgano de contratación o expediente e o preceptivo informe. O tempo medio de achega desa documentación foi de 7 días hábiles, desde o requirimento efectuado ao órgano de contratación. Debemos recalcar a este respecto a esixencia dunha maior celeridade nesta remisión co gallo de cumprir o prazo fixado legalmente no artigo 56.2 LCSP pois permite continuar coa tramitación legalmente prevista.

Finalmente, unha vez recibido este expediente e informe, o prazo medio empregado para ditar e notificar a resolución do TACGal a partir desa recepción foi de 7 días hábiles. Sinalar aquí que o trámite de audiencia aos licitadores, por cinco días hábiles, cando corresponde, insírese nese período.


- **Sector público recorrido**

O ámbito de competencia do TACGal abarca á Xunta de Galicia, entidades locais e universidades galegas, así como os sectores públicos dependentes destas.

Nese sentido, o número de recursos por sectores no ano 2021 foi:

- Ámbito local: 156
- Sector autonómico: 131
- Universidades: 10
- Outros: 2

As porcentaxes entón son as seguintes:




Dentro destes, ten relevancia cualificada o número referido á Administración sanitaria, concretamente ao Servizo Galego de Saúde, que representou o 16 % dos recursos totais e o 37% dos procedentes da Administración autonómica.

Observamos aquí certo movemento de datos respecto ao ano 2020, pois no ano 2020 a porcentaxe de recursos correspondentes ao ámbito local era do 55,95% e no 2021 sitúase no 52,17 %. Respecto a Administración autonómica no 2020 estaba no 39,28% e as Universidades nun 4,36%.

- **Tipo de contratos impugnados**


Se atendemos á tipoloxía dos contratos impugnados resultan as seguintes porcentaxes:



Destacar neste sentido unha maior incidencia ou volume de recursos nas licitacións de contratos de servizos, en clara contraposición coa menor incidencia impugnatoria respecto das licitacións de obras, derivada lxicamente dos diferentes limiares de acceso ao recurso especial fixados no artigo 44 LCSP.

- **Actos impugnados**

Nos recursos do ano 2021 se impugnaron 106 adjudicacións, 73 exclusións e 97 pregos de licitacións, que se reflicten de xeito porcentual:



- **Medidas cautelares**

No 2021, o TACGal adoptou as medidas cautelares solicitadas en 109 recursos.

- **Resolucións TACGal recorridas na xurisdición contencioso-administrativa**

No 2021, a litixiosidade consolidada contencioso-administrativa respecto ás resolucións do TACGal está no 6,8% (excluimos os casos de inadmisibilidade xudicial ad limine litis firmes ou as desistencias en tal vía xudicial).

- **Páxina web TACGal**

Na páxina <https://tacgal.xunta.gal> este Tribunal publica periodicamente as súas resolucións sobre os recursos presentados, na que tamén constan as memorias anuais aprobadas por este Tribunal, así como outra información de interese.



A citada páxina permite, ademais, a propia presentación electrónica dos recursos a través dos correspondentes enlaces a cada un dos procedementos.

En reciprocidade e coordinación, na páxina se facilitan os enlaces a outros Tribunais análogos existentes.

- **Reunións de coordinación dos Tribunais administrativos de recursos contractuais**

A disposición adicional vixésimo terceira LCSP menciona:

“Os diferentes órganos de recurso que se creen acordarán as fórmulas de coordinación e colaboración máis adecuadas para favorecer a coherencia dos seus pronunciamentos e para a unificación da súa doutrina en relación coas cuestións que sexan sometidas ao seu coñecemento. Os ditos órganos poderán, ademais, propor os axustes normativos e as recomendacións que resulten pertinentes para un mellor funcionamento dos mecanismos de recurso previstos na normativa sobre contratos públicos”

No ano 2021 o TACGal participou na reunión de coordinación celebrada en Salamanca baixo o impulso do Tribunal Administrativo de Recursos de Castela e León -TARCYL- ao que agradecemos a súa realización.